

Regulamento Xeral de Recadación ponse en coñecemento dos contribuintes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.) será o comprendido entre os días 13 de setembro e 15 de novembro, ambos inclusive.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do disposto no artigo 124.3 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario o cobro realizarase pola vía de apremio co 20 por cen de recargo regulamentario e xuros de demora, e no seu caso as costas que procedan de conformidade co artigo 129 da Lei Xeral Tributaria así como nos artigos 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación

Redondela, a 27 de agosto de 1999.—O Alcalde,
Xaime Rei Barreiro. 7922

* * *

MEANO**A N U N C I O**

Aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 26 de agosto de 1999 a fixación do coeficiente do incremento do Imposto de Vehículos de tracción Mecánica para os Ciclomotores/cuatriciclos lixeiros, motocicletas ata 125 c.c., así coma a Ordenanza Fiscal reguladora da fixación deste coeficiente de incremento das cotas do IVTM para os devanditos vehículos, expónse ó público na Secretaría deste Concello durante 30 días hábiles, contados a partires do seguinte do da publicación deste anuncio no BOP para que os interesados poidan examina-lo devandito expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións este acordo provisorio entenderase definitivamente adoptado.

Meaño, a 27 de agosto de 1999.—O Alcalde,
Jorge Domínguez Rosal. 7924

A N U N C I O

A Comisión de Goberno, en sesión extraordinaria de data 26 de xullo de 1999, acordou, previa tramitación do correspondente concurso procedemento aberto tramitación urgente, a adxudicación da seguinte obra a empresa Construcións Obras e Viais, S.A.: “Acceso os núcleos de Pazo do Monte e outros”, incluída no FCL/99 por un importe de 6.000.000 de pesetas, IVE incluído.

O que se fai público en cumprimento do artigo 94.2 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

Meaño, a 27 de agosto de 1999.—O Alcalde,
Jorge Domínguez Rosal. 7925

C U N T I S**A N U N C I O**

O non terse presentado reclamación ningunha, queda definitivamente aprobado o estudo de detalle para aliñacións, no lugar de Sebil, tramitado a instancia de D. Rodolfo Zambrana Fariña, que fora aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión de 25 de xuño de 1999.

Cuntis, a trinta de agosto de mil novecientos noventa e nove.—O Alcalde, Eduardo Rey Rodríguez. 7921

* * *

P O I O**A N U N C I O**

Aprobado inicialmente, polo Pleno de 18 de maio de 1999, o Regulamento que se xunta, e sometido a información pública mediante anuncio no BOP de 7 de xuño de 1999, ó non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no art. 49 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, enténdese aprobado definitivamente, procedéndose a súa publicación, de conformidade co art. 70 da Lei, como trámite previo para a entrada en vigor.

**5.13 REGULAMENTO DE ANIMAIS DOMESTICOS
E DE ANIMAIS SALVAXES EN CATIVIDADE**

A competencia municipal nesta materia deriva dos artigos 25.2.a) e h) da LBRL e 80.2.a) e h) da LALG (“Seguridade en lugares públicos” e “Protección da salubridade pública”).

Para a elaboración deste regulamento tívose en conta a Lei do Parlamento de Galicia 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeira (DOG n° 75, do 22.4.93), que entre outras cousas establece como obrigatorio o servizo municipal de recollida de animais abandonados (artigos 11 e 12) e atribúelles ós alcaldes a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais (artigo 16).

T I T U L O I**DO AMBITO DE APLICACION
DESTE REGULAMENTO****ARTIGO 1.—OBXECTO**

Este regulamento ten por obxecto establece-las normas para a posesión e protección dos animais domésticos e dos animais salvaxes en cativeira no territorio municipal de Poio.

ARTIGO 2.—DEFINICIONS

1. Para os efectos deste regulamento enténdense por:

- a) Animais domésticos os que se crían, reproducen e conviven co home, e que non son susceptibles de ocupación consonte as disposicións do Código Civil; e,
- b) Animais salvaxes en catividade os que, sendo libres pola súa condición, foron obxecto de apresamento no seu medio natural e se manteñen nunha situación absoluta e permanente de dominación polo home.

2. A posesión de animais que se crían para o aproveitamento das súas producións regúlase pola súa normativa específica.

TITULO II

DA POSESION DE ANIMAIS DOMESTICOS
E SALVAXES EN CATIVIDADE

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

ARTIGO 3.—POSESION DE ANIMAIS DOMESTICOS
EN VIVENDAS

1. A posesión de animais domésticos en xeral, e nomeadamente en edificacións destinadas á vida humana, está suxeita ó cumprimento dunhas condicións hixiénicas axeitadas no seu aloxamento, á ausencia de riscos sanitarios e a que non se lles ocasione perigo ós veciños ou se lles produzan molestias.

2. En calquera caso, das 22.00 h. as 8.00 h. está prohibido deixar en patios, terrazas, balcóns ou espazos abertos os animais que cos seus sons, laios ou ruídos perturben o descanso dos veciños.

3. O concello ten a facultade de limitar, por razóns de interese público, o número de animais que se poden ter nunha edificación ou vivenda determinada.

ARTIGO 4.—DA POSESION DE ANIMAIS
SALVAXES EN CATIVIDADE

1. Está prohibida a posesión de animais salvaxes que poidan ser perigosos para integridade das persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia.

2. Está prohibida a permanencia ou circulación dos citados animais por lugares abertos ó público sen as medidas protectoras que se dispoñan de acordo coas características de cada especie.

CAPITULO II

MEDIDAS SANITARIAS

ARTIGO 5.—PROHIBICION DE ABANDONO
DE ANIMAIS

1. Está absolutamente prohibido o abandono de animais.

2. As persoas que queiran deixar un animal do que son donos ou responsables débennlo comunicar ó concello para que o recollan os servicios municipais tralo aboamento das taxas correspondentes.

ARTIGO 6.—MEDIDAS SANITARIAS XERAIS

1. O concello, por iniciativa propia ou do órgano competente da Xunta de Galicia, poderá dispoñer a vacinación ou o tratamento sanitario obrigatorio dos animais domésticos e dos salvaxes en catividade.

2. O concello, por propia iniciativa-ou en cumprimento de disposicións do órgano competente da Xunta de Galicia, poderá ordenalo illamento e internamento de animais domésticos ou salvaxes en catividade ós que se lles diagnosticasen enfermidades transmisibles, para sometelos a tratamento curativo.

3. Os animais que padezan unha doenza que poida comportar un perigo para a saúde das persoas ou que sufran enfermidades crónicas incurables serán obxecto de sacrificio obrigatorio.

4. Nos casos en que por razón de sanidade animal ou de saúde pública se esixa o sacrificio obrigatorio do animal, este realizarase de xeito rápido e sen dor, en locais aptos e baixo a responsabilidade dun veterinario.

ARTIGO 7.—MEDIDAS SANITARIAS EN CASO
DE AGRESION

1. Os donos e posuidores de animais que mordearan ou lle causaran lesións a algunha persoa ou a outro animal están obrigados:

- a) A lles facilitaren os seus datos persoais e os datos do animal agresor á persoa lesionada, ó dono do animal agredido e ó axente da autoridade que llelos soliciten.
- b) A lle comunicaren os feitos nun prazo máximo de 24 horas á policía local.
- c) A poren o animal agresor en observación veterinaria obligatoria durante o período de catorce días naturais.
- d) A presentaren na casa do Concello a documentación sanitaria do animal no prazo máximo de 48 horas desde que se producise a agresión.
- e) A presentaren na casa do concello o certificado veterinario no prazo máximo de 48

horas a contar desde o remate do período de observación.

- f) A lle comunicaren ó concello calquera incidencia que se rexistre (morte, enfermidade, perda ou traslado do animal) durante o período de observación.

2. A observación veterinaria poderase realizar no establecemento que decida o concello ou, cando as circunstancias o aconsellen e a pedimento do dono do animal e baixo control dun veterinario, noutros locais axeitados ou no propio domicilio do dono.

3. Serán por conta do dono ou posuidor do animal agresor os gastos da súa estadía durante o período de observación no establecemento que se sinale.

4. Se o animal agresor non ten dono ou posuidor coñecido, serán os servizos municipais os que se farán cargo do seu apresamento e observación veterinaria.

CAPITULO III

CENSO MUNICIPAL DE ANIMAIS DOMESTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

ARTIGO 8.—CENSO MUNICIPAL DE ANIMAIS DOMESTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

1. Os animais domésticos e os salvaxes en cativeiro inscribíranse nun censo municipal no que constarán os seguintes datos:

- a) A especie, a raza, a idade e, se é o caso, o nome do animal.
- b) O nome, apelidos, documento nacional de identidade e o domicilio do seu dono.
- c) A data de expedición e o número da tarxeta sanitaria.

2. No censo tamén se inscribirán as baixas por morte, perda ou traslado do animal fóra do municipio, os cambios de domicilio e as transferencias de titularidade ou de posesión que se produzan.

CAPITULO IV

OBRIGAS DOS DONOS E POSUIDORES DE ANIMAIS

ARTIGO 9.—OBRIGAS DOS POSUIDORES DE ANIMAIS DOMESTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

Os donos e posuidores de animais domésticos e salvaxes en cativeiro están obrigados:

- 1) A censaren o animal no prazo máximo dun mes des que naza ou estea no seu poder;
- 2) A lle comunicaren ó concello as baixas por morte, perda ou traslado do animal fóra do municipio no prazo máximo de quince días;

- 3) A lle comunicaren ó concello o cambio de domicilio ou lugar de residencia do animal no prazo máximo de quince días;
- 4) A vacinaren os animais contra aquelas doenzas obxecto de prevención a partir da idade regulada na normativa vixente;
- 5) A lles realizaren controis sanitarios periódicos ós animais;
- 6) A identificaren os animais por medio dos sistemas aprobados regulamentariamente;
- 7) A trataren e alimentaren o animal correctamente;
- 8) A manteren o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias, de acordo coas características da especie;
- 9) A adoptaren as medidas necesarias para asegurar que o animal non lles cause molestias ás persoas nin poña en perigo as persoas ou os bens;
- 10) A impediren que o animal lixe as vías ou espazos público de tránsito ou de lecer;
- 11) A impediren que o animal dane o equipamento urbano;
- 12) A lle comunicaren o concello, no prazo máis curto posible, calquera doenza infecto-contaxiosa que sufra o animal; e
- 13) A responderen dos danos e perdas que ocasionen o animal, de conformidade coa lexislación aplicable.

ARTIGO 10.—OBRIGAS DOS DONOS E POSUIDORES DE CANS DE VIXILANCIA

Os clonos e posuidores de cans de vixilancia están obrigados:

- 1) A adoptaren as medidas precisas para que o animal non saia fóra do recinto obxecto de protección nin poña en perigo as persoas que utilizan as vías ou outros bens de dominio público; e
- 2) A poren un letreiro en lugar visible no que se advirta de perigo pola presenza dun can de vixilancia.

CAPITULO V

CIRCULACION DE ANIMAIS POLAS VIAS E ESPACIOS PUBLICOS

ARTIGO 11.—CIRCULACION DOS CANS

1. Os cans levarán sempre un collar coa súa chapa de identificación.

2. Amais, cando estean ou circulen por vías ou lugares de tránsito público, irán suxeitos por unha cadea ou correa.

3. Están dispensados do requisito sinalado no apartado anterior os cans que se atopen nas seguintes circunstancias:

- a) Os que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenvolven esas actividades no ámbito rural; e
- b) Os que, na compañía dunha persoa responsable, circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas, forestais ou costeiros, sempre que non se dea a presenza de terceiras persoas.

ARTIGO 12.—USO DE BUCEIRA

1. Os cans levarán unha buceira para garantir a tranquilidade e a integridade das persoas, sempre que as características do animal ou as circunstancias sanitarias ou de calquera outra orde o esixan.

2. O concello pode impo-lo uso da buceira cando se dean as circunstancias que prevé o apartado anterior.

ARTIGO 13.—PRESENCIA DE CANS NAS PRAIAS E TERREOS ACCESORIOS

Está prohibida a circulación e estadía dos cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou ó servizo dos seus usuarios no período que vai do 1 de xuño ó 30 de setembro de cada ano.

Exceptúanse da prohibición anterior os cans guía de invidentes e minusválidos.

ARTIGO 14.—LIMITACIONES NAS VIAS PUBLICAS

1. Os posuidores dos animais deberán coidar de que non lixen as vías e espazos de uso público coas súas deposicións. No caso de se produciren estas, están obrigados a limpáren os excrementos de xeito inmediato e de forma axeitada desde o punto de vista hixiénico.

2. Está prohibido alimenta-los animais nas vías ou espazos públicos.

CAPITULO VI

PRESENCIA DE ANIMAIS EN ESTABLECEMENTOS PUBLICOS

ARTIGO 15.—PROHIBICION DE ENTRAREN EN DETERMINADOS ESTABLECEMENTOS PUBLICOS

1. Está prohibida a entrada ou estadía de animais domésticos en calquera clase de establecementos de fabricación, almacenamento, transporte, consumo ou manipulación de alimentos.

2. Os titulares de establecementos públicos como hoteis, pensións, bares e semellantes poderán prohibi-la entrada e estadía de animais nos seus locais. En calquera caso, esixirán que os cans leven buceira e estean suxeitos por unha correa ou cadea.

3. Exceptúanse das prohibicións anteriores os cans guía de invidentes e minusválidos.

CAPITULO VII

RECOLLIDA DE ANIMAIS

ARTIGO 16.—ANIMAL ABANDONADO

1. Enténdese que un animal está abandonado se circula polas vías ou espazos públicos sen ningún sinal polo que se poida identifica-lo seu dono ou posuidor e non vai na compañía de ningunha persoa.

2. O animal abandonado será recollido polos servizos municipais, que o trasladarán a un establecemento axeitado ata que o reclamen, acollan ou sexa sacrificado.

3. Os cidadáns teñen o deber de comunicarlle ó concello a presenza de animais abandonados nas vías ou espazos públicos.

ARTIGO 17.—RECUPERACION DE ANIMAIS ABANDONADOS

1. O prazo máximo para a recuperación dun animal non identificado é o de vinte días des que se producise o seu apresamento.

2. Se o animal está identificado, o dono ou posuidor disporá dun prazo de dez días para recuperalo des que se lle avisase do apresamento.

3. En calquera caso, o dono ou posuidor do animal apresado deberá aboa-los gastos orixinados pola súa recollida e mantemento con suxeición ós prezos públicos vixentes, sen prexuízo da sanción que lle poida ser aplicable.

4. Unha vez transcorridos os prazos sinalados nos apartados anteriores, o concello daralle ó animal o destino máis axeitado, e soamente en último caso o poderá sacrificar.

ARTIGO 18.—RECOLLIDA DE ANIMAIS ENFERMOS, FERIDOS OU MORTOS NA VIA PUBLICA

Os animais que anden enfermos ou estean feridos ou mortos nas vías e espazos públicos serán recollidos polos servizos municipais. Calquera cidadán que advirta a presenza dun animal nesas circunstancias deberá avisar ó concello para que o retire o máis axiña posible.

ARTIGO 19.—XESTION DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS

1. O concello poderá xestiona-lo servizo en calquera das formas que prevé a Lei reguladora do réxime local. Tamén poderá concertar convenios coa Xunta de Galicia, con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras asociacións autorizadas para este fin.

2. Se o servizo non se presta en forma de xestión directa e llo solicitan as asociacións de protec-

ción e defensa dos animais, o concello concederá-llelo preferentemente a elas por un prazo mínimo de tres anos.

3. Os establecementos dedicados á recollida de animais abandonados deberanse inscribir no rexistro creado para tal efecto pola Xunta de Galicia.

TITULO III

DA POSESION DE ANIMAIS DOMESTICOS PARA O CONSUMO FAMILIAR

ARTIGO 20.—CRIANZA DE ANIMAIS PARA O CONSUMO FAMILIAR

A crianza para o consumo familiar de aves de curral, pombas, abellas, coellos e outros animais domésticos nos domicilios particulares ou en instalacións adxacentes a eles está condicionada ó feito de que as circunstancias hixiénico-sanitarias derivadas da actividade e do número de animais non comporten un perigo ou unha incomodidade para os veciños.

ARTIGO 21.—LIMITACIONES

O concello poderá esixir-lo cesamento na crianza de animais domésticos cando esa actividade comporte un perigo físico ou sanitario para as persoas ou unha incomodidade grave para os veciños.

ARTIGO 22.—A CRIANZA DE ANIMAIS COMO ACTIVIDADE ECONOMICA

A existencia de cortes, cortellos e granxas nas que se desenvolva a crianza de animais como actividade económica axustarase á normativa específica das actividades clasificadas.

TITULO IV

REXIME SANCIONADOR

ARTIGO 23.—CONCEPTO DE INFRACCION

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece este regulamento.

ARTIGO 24.—RESPONSABILIDADE

Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas que as cometan como autores ou coautores.

ARTIGO 25.—CLASIFICACION DAS INFRACCIONS E SANCIONS

1. As infraccións administrativas deste regulamento clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. As infraccións administrativas serán sancionadas con multa nas seguintes:

- a) As leves, de 5.000 a 15.000 ptas.
- b) As graves, de 15.001 a 25.000 ptas.
- c) As moi graves, de 25.001 a 50.000 ptas.

3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, derivada da comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza.
- d) A capacidade económica do infractor.
- e) A transcendencia social da infracción.

4. A resolución do expediente sancionador poderá impo-la sanción non pecuniaria de incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono.

ARTIGO 26.—COMPETENCIA

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes sancionadores correspóndelle á alcaldía.

ARTIGO 27.—INFRACCIONS MOI GRAVES

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non vacinar ou non aplica-lo tratamento sanitario obrigatorio dos animais domésticos e dos salvaxes en catividade;
- b) Maltratar gravemente un animal;
- c) Organizar ou realizar espectáculos ou actividades que comporten crueldade ou maltrato para os animais ou que lles poidan causar sufrimentos;
- d) Abandonar un animal;
- e) Non usa-la buceira cando sexa obrigatoria;
- f) Non lle comunicar á policía local a agresión dun animal;
- g) Non pó-lo animal agresor en observación veterinaria;
- h) Non lle comunicar o concello as doenzas transmisibles que padeza un animal; e
- i) Sacrificar un animal sen control veterinario.

ARTIGO 28.—INFRACCIONS GRAVES

Constitúen infraccións graves:

- a) Non inscribi-los animais no censo;
- b) Non lle facilita-los datos do animal agresor á policía local;

- c) Non lle comunicar ó concello as incidencias que se produzan no animal agresor durante o período de observación;
- d) Non lle facilitar ó concello o certificado veterinario do período de observación;
- e) Mante-los animais en condicións hixiénicas inadecuadas;
- f) Permitir, ou non evitar, que o animal orixine unha situación de perigo, riscos ou molestias graves para as persoas;
- g) Non levar a cabo a identificación do animal por algún dos sistemas que prevé o regulamento;
- h) Non cumprí-las condicións de seguridade previstas para os cans de vixilancia;
- i) Permiti-la circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha correa ou cadea; e
- j) Venderlle ou doarlle un animal a un menor de idade ou incapacitado sen a autorización do seu representante.

ARTIGO 29.—INFRACCIONES LEVES

Constitúen infraccións leves calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións contidas neste regulamento e non estea tipificada como grave ou moi grave.

DISPOSICION ADICIONAL UNICA

A inscripción no censo de animais deberase realizar no prazo de tres meses desde que entre en vigor este regulamento.

DISPOSICION FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2000, logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Poio, a 27 de agosto de 1999.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. 7906



Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

EDICTO

Cédula de citación

En los autos de juicio de desahucio nº 401/1998, que se siguen en este Juzgado de Primera Instancia nº 1 de Redondela a instancia de D^a Rosalía González González contra Ana Belén Álvarez Ferreira, Juan Márquez Moreda, se ha dictado providencia

de esta fecha mandando convocar a las partes a juicio verbal, señalando para su celebración el día cinco de octubre, a las diez horas de su mañana, en la Sala de Audiencias del Juzgado, por la presente se cita a quien abajo se indica para que el día y hora expresados pueda comparecer a la celebración del juicio, asistido de cuantos medios de prueba intente valerse, bajo apercibimiento de que no compareciendo por sí o por legítimo apoderado, se declarará el desahucio sin más citarlo ni oírlo.

Asimismo, se hace saber al/los demandado/s que el artículo 1563 de la Ley de Enjuiciamiento Civil dispone:

1º.—El desahucio por falta de pago de las rentas, de las cantidades asimiladas o de las cantidades cuyo pago hubiera sumido el arrendatario en el arrendamiento de viviendas o en el arrendamiento de una finca urbana habitable en la que se realicen actividades profesionales, comerciales o industriales, podrá ser enervado por el arrendatario si en el algún momento anterior al señalado para la celebración del juicio, paga al actor o poner a su disposición en el Juzgado o Notarialmente el importe de las cantidades en cuya ineffectividad se sustente la demanda y en de las que en dicho instante adeude.

2º.—Esta enervación no tendrá lugar cuando se hubiera producido otra anteriormente, ni cuando el arrendador hubiese requerido, por cualquier medio que permita acreditar su constancia, de pago al arrendatario con cuatro meses de antelación a la presentación de la demanda y este no hubiese pagado las cantidades adeudadas al tiempo de dicha presentación.

Se le hace saber que según manifiesta la parte actora en la papeleta de demanda cabe en este caso la enervación del desahucio mediante el pago o consignación del importe de las cantidades en cuya ineffectividad se sustenta la demanda.

Y para el caso de no comparecer a esta primera citación, se señala para la celebración de juicio el próximo día seis de octubre, a las diez horas.

Y, para que conste y sirva de cédula de citación expido la presente en Redondela, a doce de julio de mil novecientos noventa y nueve.—El Secretario, ilegible. 7905



EDICTO

Doña Gemma Antolín Pérez, Secretaria del Juzgado de Instrucción número 1 de Pontevedra.

Doy fe y testimonio: Que en el juicio de faltas nº 50/1999, se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

Sentencia 89/1999.—Procedimiento: Juicio de faltas 50/1999.—En Pontevedra, a veinte de agosto de mil novecientos noventa y nueve.